

# O Concello de Bergondo invítavos ao seguinte espectáculo que terá lugar na Senra

☀ **Sábado, 18 de novembro ás 18.00 h**

- **Idade recomendada:** público familiar (6-12 anos principalmente).
- **Duración:** 50 min.
- **Idioma:** galego.
- **Nome da compañía :** Redrum Teatro.



## **A nena que quería navegar**

*Rede cultural da Deputación da Coruña*

**Sinopse.** Trátase un tema que nos preocupa e desacouga a partes iguais, e que tristemente cada pouco acapara as portadas de todos os xornais. Este tema é o **acoso escolar**, tamén coñecido co termo anglosaxón bullying; problema social ao que non lle debemos dar costas e do que todos/as somos responsables.

A nena que quería navegar conta a historia de A Nena, unha rapaza sen nome que farta de insultos, empurróns e illamento social, foxe da escola para non volver nunca máis. Na súa aventura atopará ao Xeadeiro, un personaxe máxico e vital, que lle devolverá a autoestima perdida a base de contos, adiviñas, xogos e cancións. Ensinaralle que, dentro de cada un de nós, agóchase un ser único e especial, e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de conseguir todo o que nos propoñamos.

Para a creación da obra toman como referente a Tim Burton que é luz, cor, maxia e ilusión. Espectáculo optimista, colorista, emocionante e festivo no que se mesturan disciplinas artísticas como o teatro de monicreques, o teatro de obxectos, as proxeccións, a música en directo e as coreografías.